



Nº 68 - 2023

CIG

www.cig.gal

Boletín
Sindical

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Día da Patria Galega e eleccións xerais

A CIG, ante a celebración do Día da Patria Galega o vindeiro 25 de xullo e das eleccións xerais, dous días antes, quere poñer de manifesto a relevancia de ambas as datas, que chegan nunha situación de crise económica e social extrema, cun aumento imparábel da precariedade laboral e do empobrecemento. Neste contexto, o avance dos populismos e da ultradereita evidencia que as forzas políticas autoproclamadas "progresistas" renunciaron a aplicar medidas que procuren a xustiza social.

Por iso as eleccións do 23 de xullo teñen unha especial importancia para a clase traballadora galega, xa que do goberno e da correlación de forzas a que dean lugar, así como da representación que Galiza teña no Parlamento español, dependerá que paremos o avance da dereita e ultradereita española e se produzan as tan necesarias mudanzas nas políticas que veñen poñendo en marcha os sucesivos gobernos centrais co pretexto das diferentes crises.

Estas políticas, tan prexudiciais para a maioría social e para o país, foron perpetradas nesta última lexislatura por un goberno que formulou medidas que consolidaban e afondaban nas implantadas por gobernos precedentes (do PP ou do PSOE): reformas laborais, das pensións e da negociación colectiva ou a lei mordaza, que supuxeron un importante retroceso na calidade de vida, nos dereitos laborais e sociais e nas liberdades públicas.

Nesta última lexislatura puidemos confirmar como o PSOE, xunto con forzas políticas supostamente de esquerdas baixo o paraguas de Unidas Podemos, non só non fixo unha política realmente social senón que apuntalou as reformas que o PP implantou durante a crise. Malia as promesas de



derrogación das reformas e doutras medidas de graves consecuencias para a clase traballadora, non tomaron nin unha soa decisión nese sentido, senón que as mantiveron vixentes e con moita propaganda puxeron en marcha outras que as consolidaron.

Por outra banda, a Xunta do PP tampouco asumiu o papel que lle corresponde como Goberno galego. Lonxe disto, coa chegada de Alfonso Rueda á Presidencia, logo da marcha de Feixó a Madrid, afondouse no seu papel de sucursal, de administración crítica en aparencia co Goberno central, mais só cun obxectivo electoralista. Na realidade actúa con pasividade e poñéndose de perfil diante dos ataques a Galiza e á clase traballadora galega. Ao mesmo tempo é fiel peón ao servizo do capital e das grandes transnacionais, facilita o incremento das súas ganancias pola vía de recortar e privatizar os servizos públicos galegos e pon ao seu dispor os nosos recursos.

Na CIG loitamos a diario contra a precariedade e a pobreza laboral, a perda de poder adquisitivo da clase traballadora, o espolio enerxético e a de-

predación ou o desmantelamento do sector industrial porque sabemos que a mobilización e o conflito son o camiño para avanzar e conseguir dereitos. Mais agora, neste proceso electoral, temos unha oportunidade única para transformar a realidade, e as forzas sociais e políticas soberanistas somos a chave para esta transformación.

Co noso voto debemos apoiar forzas políticas propias, realmente galegas, nacionalistas e de esquerdas. Precisamos representantes que defendan os intereses da clase traballadora galega, sen complexos de ningún tipo e sen submisións a Madrid. Só así poderemos asistir aos cambios lexislativos necesarios para podermos recuperar e conquistar dereitos e termos un futuro digno na nosa Terra.

De igual xeito, o 25 de Xullo, como todos os días do ano, reivindicamos os dereitos da patria galega e a necesidade de decidir nós o noso futuro e de autogobernarnos para poder vivir e traballar dignamente no noso país. Por iso a CIG chama a clase traballadora a participar nos actos que o nacionalismo convoca en Santiago nesa data.

Convenio do metal lucense: a mobilización racha o pacto social

Despois de catro xornadas de folga históricas, o pasado 1 de xuño acadábase un preacordo para o convenio de siderometal e comercio do metal (que se negocian en conxunto) da provincia de Lugo. Un acordo que garante a recuperación e o mantemento no futuro do poder adquisitivo dos salarios e que evidencia, unha vez máis, que só coa loita e a mobilización se conseguen avances reais nas condicións de traballo.

Mais tamén demostra que o marco saído do V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva asinado en Madrid pola patronal e as centrais sindicais españolas non dá resposta ás reivindicacións da clase obreira galega para ter unha vida digna.

Os convenios do metal de Lugo son os primeiros que se acadan en Galicia tras a publicación do V AENC. Un acordo que non permite a recuperación da capacidade adquisitiva perdida (só nos anos 2021 e 2022 chegou ao 12,20%) e que ademais non garante o poder dos salarios no futuro ao topar as cláusulas de revisión anuais no 1%. En resumo, búscase impor, a través do diálogo social, a moderación salarial e que sexa a clase traballadora quen, na actual crise, asuma en solitario todo o custo e incremento da carestía da vida.

Porén, a capacidade mobilizadora impediu a aplicación do V AENC no marco convencional provincial, rachando coas dinámicas que se pretenden impor dende o estado ao superar tanto as limitacións en materia de incrementos económicos como



imposibilitando que se trasladasen o resto de medidas regresivas a nivel de contratación, xornada etc.

Resulta obvio que non é no diálogo social onde nacen os avances nos dereitos e as melloras nas condicións de traballo. É na capacidade de organización, loita e resposta da clase obreira onde reside esa forza transformadora.

Por esta razón, un dos obxectivos deste V AENC (igual que os anteriores) é afondar na estatalización e centralización da negociación colectiva para afastala das traballadoras e traballadores, limitando a súa capacidade de intervir e decidir sobre o que se negocia, e dificultando a organización dunha resposta social contundente.

Con esta idea, patronal e as cúpulas de CCOO e UGT crean o concepto de “Medida Preventiva de Conflitos”, que constitúe un chamado á ‘paz

social’ para frear a mobilización e facilitarlle á patronal a sinatura de convenios á súa medida.

Negociación ás agochadas

No actual contexto de empobrecemento resulta lamentábel asistir ás renuncias e ás traizóns efectuadas por CCOO e UGT e outras centrais españolas que, contra o parecer maioritario dun sector, asinan convenios de miseria pregándose aos intereses patronais e perdendo oportunidades históricas de loita.

O acontecido no convenio de alimentación de Lugo (onde UGT e USO asinaron un convenio ás agochadas mentres o persoal lanzaba unha firme aposta polo conflito) reflicte a necesidade de contar cunha representación sindical que non renuncia á mobilización e que nunca asinará un convenio sen antes sometelo ao parecer das asembleas de traballadores/as.

Farta de tanta precariedade, a limpeza de Lugo para!

Se hai un sector caracterizado pola precariedade, parcialidade e feminización, ese é o da limpeza. Considerado esencial na pandemia, as patronais, nomeadamente a estatal ASPEL, quere ‘premiar’ o sacrificio realizado polas traballadoras condenándoas

a ter soldos por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional.

Mais as traballadoras de Lugo non van tragar con esta miseria e o 20 de xuño foron a unha primeira xornada de folga, advertindo que, de non producírense avances substanciais na nego-

ciación, no mes de setembro iniciarán un paro indefinido. O persoal non está disposto a renunciar a salarios xustos nin a melloras sociais e laborais como o complemento do 100% nas baixas, a redución da xornada máxima semanal ou aumentar os días de asuntos propios.



Metal e comercio de alimentación de Pontevedra, en loita por condicións dignas

Seguindo o camiño da Coruña, Ourense e Lugo, os traballadores e as traballadoras do siderometal de Pontevedra iniciaron unha vaga de folgas para reclamar un convenio colectivo digno, con salarios xustos e que avance en dereitos xa recollidos nos convenios doutras provincias, como a subrogación.

As catro xornadas de folga desenvolvidas en xuño foron un completo éxito, paralizano a actividade en todas as empresas do sector e dando o persoal unha contundente mostra de unidade e forza nas multitudinarias mobilizacións realizadas nas comarcas de Vigo, Pontevedra, O Salnés e O Deza.

O conxunto das traballadoras e traballadoras responde así ás propostas insuficientes das patronais que ofrecen un incremento salarial do 2% para 2023, do 3% para 2024 e do 3% para 2025, pero coa cláusula de revisión salarial topada ao 1%, sen carácter retroactivo e sen atrasos, seguindo o marcado no nefasto acordo estatal de negociación colectiva.

A parte social demanda un incremento do 4% para cada un dos anos, manter a cláusula de revisión conforme ao IPC real, reducir a xornada anual en 24 horas e garantir a subrogación do persoal entre empre-



sas privadas e impedir a entrada das ETT para frear a inestabilidade e a precarización do sector.

Se non hai avances, a CIG-Industria advirte que as folgas se intensificarán neste mes de xullo até que se atendan as lexitimas aspiracións dos traballadores/as do sector.

Tamén en Pontevedra o colectivo de traballadoras e traballadores do comercio de alimentación ten apostado pola mobilización para reclamar melloras substanciais no convenio. Convocada pola CIG-Servizos, a xornada de folga do pasado 23 de xuño foi un completo éxito ao rexistrar un

seguimento superior ao 70%, evidenciando que o persoal está farto das propostas de miseria dunha patronal que non lles quere recoñecer o sacrificio realizado durante a pandemia nin revertir o empobrecemento salarial derivado da inflación.

Ao contrario, a patronal (liderada por Gadis e Froiz) ofrece unha suba salarial do 3% en 2023, e do 2% para 2024, 2025 e 2026, coa cláusula de revisión topada ao 1%, sen carácter retroactivo e sen atrasos. Unha proposta irrisoria nun sector que está rexistrando ganancias millonarias e batendo récord de beneficios.

O persoal de ambulancias irá á folga pola parálise do convenio

Co respaldo unánime das asembleas de persoal, o sector das ambulancias irá á folga en toda Galiza os días 6, 7, 19, 20 e 21 de xullo ante a parálise da negociación do convenio, mais tamén polo insoportábel incremento da carga de traballo.

Ademais das mobilizacións coincidindo cos días de folga, está convocada unha manifestación nacional para o vindeiro 12 de xullo en Compostela, coa que se quere denunciar tamén a respon-

sabilidade da Xunta de Galiza na precarización do sector, ao licitar contratos con dotacións económicas insuficientes que acaban provocando unha infradotación de recursos humanos e técnicos.

No sector hai entre 1.800 e 2.000 traballadores e traballadoras pero sería necesario incrementar o persoal nun 30 ou 40%, porque nas distintas áreas sanitarias se fan por riba dos 20 servizos, o que supón unha carga de traballo inasumíbel.

En canto á negociación do convenio, a patronal négase sequer a abordar a plataforma de convenio colectivo trasladada polos sindicatos, que alén de incrementos salariais xustos, recolle a redución da xornada e medidas relacionadas con permisos retribuídos e as baixas. A este respecto, a FGAMT-CIG advirte que "se non nos dan solución agora, o sector non vai parar até conseguir o que merece".

O ensino, abocado a un outono conflictivo se o PP non muda as súas políticas

Centos de persoas, entre profesorado, alumnado e familias sumáronse o pasado 27 de xuño á convocatoria da CIG-Ensino, ANPAS Galegas e Erguer para exixir ao goberno do PP a redución de ratios, mellores horarios docentes, máis recursos para a atención á diversidade e para o ensino rural e en demanda do mantemento da presencialidade na FP. Unha marcha arredor da Xunta de Galiza na que as e os manifestantes clamaron contra os recortes e a privatización do ensino público e na que se advertiu de que o inicio de curso será conflictivo se Rueda non muda as súas políticas educativas.

Así o advertiu o secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, quen denunciou que nada se sabe, até o de agora, dos plans da Consellaría “que agardará, como sempre, até finais de verán para comunicar as supresións de aulas e peche de unidades, así como fixo coa transformación de preto de 2000 prazas presenciais de FP en modalidade a distancia case no momento en que se abría a matrícula e como pretende facer con todas as ensinanzas para persoas de adultas”.

Nese sentido afirmou que “Rueda segue sendo o campeón dos recortes, como xa o foi Feijóo o seu día incre-



mentando as ratios e os horarios lectivos” porque Galiza e Madrid seguen sendo as únicas comunidades que aínda manteñen as 20 horas lectivas en secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial e 25 en infantil, primaria e educación especial.

Do mesmo xeito denunciou que o goberno galego tampouco acomete a baixada de ratios que si fixeron moitas outras CCAA e que “agora, da man de Ayuso, adiantase con esta estratexia na que se carga a presencialidade na FP mentres a presidenta madrileña fai o mesmo pero co Bacharelato para persoas adultas”.

O secretario nacional da CIG-Ensino alertou de que os plans están “perfectamente trazados” no Anteproxec-

to de Lei de aprendizaxe ao longo da vida adulta que, lembrou, “estivo un ano metido nun caixón” e que a Xunta pretende aprobar antes de que remate a lexislatura. “O eixe principal desta lei é que todas as ensinanzas para persoas adultas, tanto ESA como Bacharelato, como FP ou mesmo ensinanzas de réxime especial (tamén Ayuso está ofertando a distancia a oferta das EOIs) pase a ser exclusivamente online”, asegurou.

Un panorama diante do que concluíu que “se non hai un cambio de rumbo inmediato no que se rectifican todas estas decisións o próximo curso aveciñase conflictivo porque a comunidade educativa e o profesorado non poden aguantar nin agardar máis”.

A Atención Primaria mobilízase pola retirada do sistema de triaxe imposto polo SERGAS

Aos problemas que acumula a Atención Primaria súmase agora o sistema de triaxe imposto polo SERGAS, o XIDE, unha ferramenta de xestión da demanda nos centros de saúde, posta en marcha sen ter en conta a opinión do persoal de servizos xerais (PSX) que a ten que aplicar, nin no seu deseño, nin na súa funcionalidade.

Por iso, centos de traballadores e traballadoras de Atención Primaria concentráronse, o pasado 27 de xuño, ás portas dos centros de saúde de toda Galiza convocadas pola CIG-Saúde, para

exixir a súa retirada porque, ademais de supor unha sobrecarga de traballo, xera unha situación de inseguridade xurídica para o persoal, nomeadamente nas demandas de consulta urxente e sen cita que se solicitan no mesmo día.

A mobilización coincidiu coa celebración da Mesa Sectorial do SERGAS, na que o secretario nacional da CIG-Saúde, Manuel G. Moreira, reclamou que se poña en marcha un proceso de escoita e de negociación cos e coas profesionais para que se mude o XIDE por outro sistema que

realmente responda ás necesidades. “Ten que ser unha ferramenta útil ao persoal e permitir organizar a demanda asistencial dando resposta ás necesidades tanto dos profesionais como da cidadanía”, afirmou.

A CIG-Saúde xa denunciara no Consello técnico de Atención Primaria celebrado o 16 de febreiro de 2022, no que foi presentado o XIDE, que as áreas administrativas dos centros de saúde están infradotadas de persoal, que faltan PSX, e advertiu que provocaría estes problemas.